

LATÍN II: PREFIXO DE ORIXE LATINA

PREFIXO	SIGNIFICADO	EXEMPLOS
1ª avaliación		
Ab-, abs- (< prep. <i>ab</i> : “desde”)	Indica separación.	Abstemio, absterse
Ad-, a- (< prep. <i>ad</i> : “a”)	Indica proximidade, contacto.	Adxunto, adverbio, adxacente Afumar
Ambi- (< adx. indef. <i>ambo</i> : “dous”)	“Dous, de dous”	Ambivalencia, ambidextro
Ante- / anti- (< prep. <i>ante</i>)	“Diante de” “Antes de”	Antesala, antepoñer, anteface (cast. antifaz) Antonte (cast. anteayer), antediluviano
Anti- (é un prefixo grego) ¹	Manifesta oposición.	Anticlerical
Bi-, bis- (< adv. <i>bis</i> : “dúas veces”)	“Dobre, dous”	Bifurcación, bíceps, bilabial, bipolar
Circum-, circun- (< prep. <i>circum</i>)	“Ao redor de”	Circunvalar, circunnavegar, circumpolar
Cis-	“Da parte de aquí”	Cisandino, cisxénero, cissexual
Co-, con-, com- (< prep. <i>cum</i> : “con”)	Indica unión, cooperación	Colaborar; confluír, convivir.
Contra- (< prep. <i>contra</i> : “contra”)	Indica oposición	Contranatural, contrapoñer
De- (< prep. <i>de</i> : “desde arriba, de”)	Indica un movemento de arriba abaixo. Indica negación.	Decaer, decapitar Demente
Des-	Indica negación ou privación, inversión do significado da palabra simple. “Fóra de”	Descontento, desamor, descontinuidade Desconfiar, desfacer, despeiteado Deshora
2ª avaliación		
Di-, dis-	Indica negación e separación	Discordia, discontinuidad (cast.) Distraer, disentir
Ex-, e-, es- (< prep. <i>ex, e</i> : “desde”)	“Fóra de” Separación, privación Insistencia	Exhumar, excéntrico, emanar, exhalar Exánime Esclarecer
Extra- (adv./prep. <i>extra</i>)	“Fóra de”	Extramuros, extraordinario, extraoficial
In-, im-, i-	Indica privación, negación.	Incrible, inadecuado, impar, ilegal
In-, en-, em- (< prep. <i>in</i> : “a, cara dentro de”)	Indica un movemento cara dentro.	Inhumar, intubar, implantar; enlatar, embotellar

¹ Este prefixo, aínda que é de orixe grega, ten saído nas probas de acceso á universidade. Non sei se se tratou dun erro pero, ante a dúbida, prefiro incluílo.

LATÍN II: PREFIXO DE ORIXE LATINA

Infra- (< prep. <i>infra</i>)	“Por debaixo de”	Infracumano, infravivenda, infravermellos, infrason
Inter- / entre- (prep. <i>inter</i>)	“Entre, no medio de”	Internacional, intercostal, intermediario Entreabrir, entreplanta.
Intra-	“Dentro de, no interior de”	Intramuros, intravenoso, intracranial
Intro- (< adv. <i>intro</i>)	“Dentro” ou movemento cara o interior.	Introvertido, introspección
Ob-, o- (< prep. <i>ob</i> : “ante”)	Indica oposición	Obstar, oporse
Pen- (< adv. <i>paene</i>)	“Case”	Península, penúltimo
Per- (< prep. <i>per</i>)	“A través de” Expresa totalidade e perfección.	Percutáneo, perdurar Perfecto
3ª avaliación		
Pos-, post- (< prep. <i>post</i>)	“Detrás de, despois de”	Posguerra, postoperatorio, postelectoral
Pre- (< prep. <i>prae</i> : “diante, diante de”)	Indica anterioridade no espazo ou no tempo temporal.	Prehistoria, predicir, preescolar, prenatal
Pro- (< prep. <i>pro</i>)	“Por, en vez de” “Antes, diante de” “En favor de, partidario de”	Pronome, procónsul Prólogo Progubernamental
Re-	Indica repetición ou intensificación. Significa “cara atrás”, “retroceso”.	Recalcular (cast.) reelixir, reutilizar Reseco Refluxo
Retro- (< adv. <i>retro</i>)	“Cara atrás”	Retroalimentación, retroactividade, retroactivo, retrotraer
Semi-	“Medio”, “case”	Semiconsoante, semitransparente
Sub- So- (< prep. <i>sub</i>)	“Debaixo de”	Submarino, subacuático, subterráneo Soterrar
Super-, sobre- (< prep. <i>super</i>)	“Por encima de” “En grao sumo” Indica características superiores Indica exceso.	Superestrutura Superfino, superpoboado Superhome Superproducción, sobrealimentación
Supra- (< prep. <i>supra</i>)	“Por encima de”	Suprarrenal, supranacional
Trans-, tras- (< prep. <i>trans</i>)	“Máis alá de” “A través de”	transalpino translúcido, trasladar
Ultra- (< prep. <i>ultra</i>)	“Máis alá de”	Ultratumba, ultramar, ultramarino

A táboa contén prefixos de orixe latina. Como se pode ver, moitos deles proceden de antigas preposicións ou adverbios que foron empregados nas nosas linguas como elementos derivativos. Nas escasas ocasións nas que non se indica a orixe preposicional ou adverbial dos prefixos, é porque xa na lingua latina eran prefixos empregados para crear novas palabras.

LATÍN II: PREFIJO DE ORIGEN LATINA

RECOPIACIÓN DE TÉRMINOS QUE SAIRON EN ANTERIORES PRUEBAS DE ACCESO A UNIVERSIDAD:

Ab- / abs-: abstraer

Ad- / a-: aportar, adxuntar

Ante- / anti-: anteproxecto / anteproyecto, antesala, anteface / antifaz, anteollos / anteojos

Anti- (pref. grego): anticlerical

Co-, con-, com-: conformar

Contra-: contraindicación, contraindicado

Circum-: circunnavegar

De-: demente, deportar

Des-: desactivar

Dis-, di-: discapacidade / discapacidad, disgregar

Ex-, e-: excarcarar / excarcelar

Extra-: extraescolar, extramuros, extraoficial, extrasensorial

In-, im-, i-: inacción, informal, imposible

Infra-: infraestructura / infraestructura, infravalorar

Inter-, entre-: interconexión, interglacial, interministerial, intersección

Intra-: intramuscular, intravenoso

Intro-: introducción

Per-: perdurar, perfecto

Pos-, post-: posbélico, posclásico, posposición

Pre-: preclásico, preselección, predecir / predecir

Pro-: propulsión

Re-: reestructurar / reestructura, revivir

Retro-: retroactivo, retrotraer

Semi-: semibaleiro / semivacío

Sub-: subacuático, submarino, suburbano

Super-: superconductor / superconductor, superlativo, superpoboación / superpoblación, superposición

Supra-: supranacional

Trans-, tras-: transexual, transversal, transhumancia / trashumancia, trasladar, transportar, transformar, transferir.

Ultra-: ultramontano

LATÍN II: PREFIXO DE ORIXE LATINA

NORMAS BÁSICAS PARA DEFINIR PALABRAS:

Se definimos un...	substantivo	comezamos con outro substantivo: persoa, animal, lugar, instrumento, estado, acción, condición...
	adxectivo	empezamos con expresións como “dise”, “aplicase a”, “refírese a” ou simplemente “que”.
	verbo	iniciamos con outro verbo ou coa expresión “acción de”.

EXEMPLOS DE COMO DEBEMOS FACER O EXERCICIO DE PREFIXOS NA PAU:

Abstemio: abs-temio. Neste termo detéctase a presenza do prefixo abs-, que ten a súa orixe na preposición latina *ab* (“de, desde”). Este prefixo indica separación. Abstemio aplícase a quen se afasta do alcohol e non o bebe.

Afumar: a-fumar. Este verbo contén o prefixo a-, que procede da preposición latina *ad* (“a, cara”). Este prefixo indica dirección. Afumar é a acción de dirixir o fume cara un alimento para que este absorba o seu olor.

Ambivalencia: ambi-valencia. Este substantivo contén o prefixo ambi-, que vén de *ambo* (“dous”). Ambivalencia é a condición de aquilo que presenta dúas interpretacións ou dous valores opostos.